

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

11983 *Real decreto 950/2015, do 23 de outubro, polo que se crea o Centro Superior de Ensinanzas Deportivas e se establece a súa estrutura e funcionamento.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, recolle na súa disposición adicional cuadraxésimo terceira que «O Goberno poderá regular e xestionar, dentro do ámbito do deporte de alto nivel e da regulación do deporte federado estatal, centros de titularidade estatal que impartan as ensinanzas deportivas de grao superior a distancia en todo o territorio nacional.».

A Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, no seu título primeiro encomenda á Administración do Estado a ordenación do deporte e, en especial, o deporte de alto nivel, e o número 1 do artigo 6 establece que «o deporte de alto nivel se considera de interese para o Estado, xa que constitúe un factor esencial no desenvolvemento deportivo, polo estímulo que supón para o fomento do deporte base, en virtude das exixencias técnicas e científicas da súa preparación e pola súa función representativa de España nas probas ou competicións deportivas oficiais de carácter internacional.».

A competencia atribuída ao Estado en relación coa organización ou coa regulación dos intereses do deporte federado estatal no seu conxunto fundaméntase na Sentenza do Tribunal Constitucional 80/2012, do 18 de abril, que é a que resume a doutrina xurisprudencial sobre as competencias de Estado e das comunidades autónomas en materia de deportes (FFXX 7 e 8), e resalta que: «A propia «realidade» poliédrica da materia deportiva determina necesariamente o entrecruzamento de títulos competenciais, a concorrencia da actuación das diversas administracións públicas –estatal, autonómica e local– nas diferentes facetas sobre as cales se proxecta a actividade deportiva (...) que exixen, nalgúns casos, unha actuación supraautonómica, por requirir dun enfoque global e non fragmentado, ou da coordinación de diversas actuacións, (...)». Todo isto sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas en materia de educación e deporte.

A citada Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, establece no seu artigo 55.1 a incorporación da formación dos técnicos deportivos aos diferentes niveis do sistema educativo. Este proceso concretouse na conversión desde a formación dos adestradores deportivos anterior á entrada en vigor da normativa que desenvolve o Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, polo que se configuran como ensinanzas de réxime especial as conducentes á obtención de titulacións de técnicos deportivos, se aproban as directrices xerais dos títulos e das correspondentes ensinanzas mínimas, realizada polas federacións deportivas, até as ensinanzas deportivas de réxime especial plenamente integradas no sistema educativo. Non obstante, o proceso non foi un proceso tranquilo e fluído, senón que tivo que considerar unha realidade moi diversa, definida polo irregular desenvolvemento e implantación das modalidades ou especialidades deportivas nas diferentes comunidades autónomas, o que puxo de manifesto determinadas disfuncións que é necesario solucionar de maneira eficaz.

Varias son as circunstancias que definen a situación anteriormente citada. Por un lado, a diversidade e a baixa profesionalización dos adestradores de alto rendemento deportivo, que se produce nalgunhas modalidades ou especialidades deportivas, o que se traduce nunha demanda de formación de técnicos dispersa e inconstante. Por outro, a diminución dos técnicos formados para dar soporte aos programas e plans de preparación dos deportistas de alto nivel, tal e como o testemuña a inclusión, de forma recorrente, da figura do adestrador deportivo dentro do Catálogo de ocupacións de difícil cobertura elaborado polo Servizo Público de Emprego Estatal. A todo isto debemos unir a dificultade engadida

e provocada polas exigencias formais que supón a integración no sistema educativo e, sobre todo, as derivadas da formación presencial. Nestas condicións a oferta centralizada que realizan as federacións deportivas españolas constitúese como unha solución ao problema, que debe ser apoiada desde a Administración do Estado con instrumentos que palíen as dificultades existentes.

Neste marco faise necesario que o Goberno cree o Centro Superior de Ensinanzas Deportivas (Cesed), dependente do Consello Superior de Deportes, e cuxas funcións transcenden a vertebración e a coordinación da oferta de ciclos superiores de ensinanzas deportivas para se constituíren nun instrumento de apoio á implantación e ao desenvolvemento das ensinanzas deportivas en todas as súas vertentes: creación de materiais adaptados á formación a distancia, formación do período transitorio, acreditación de competencias profesionais non referidas ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais, formación non formal e a formación pedagóxica e didáctica dos técnicos deportivos superiores.

Para estes efectos, procede establecer os fins, as funcións e a estrutura do Cesed. As especiais circunstancias económicas en que se crea este centro fan necesario establecer como principios de funcionamento do Cesed a contención do gasto, de tal maneira que os gastos de funcionamento serán atendidos cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao Consello Superior de Deportes, e o autofinanciamento das ofertas formativas que realice, a partir dos prezos públicos que os alumnos deben aboar.

A regulación dos órganos e instrumentos de participación, autonomía e Goberno dos centros públicos que establece a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, foi adaptada, respectando o establecido nela, ás características dos ciclos de grao superior de ensino deportivo, ás especiais condicións que a formación a distancia supón, así como á vinculación do Cesed co deporte federado estatal. Neste sentido cómpre sinalar que o Consello Deportivo, como órgano de participación do sistema deportivo na dirección e no Goberno do Cesed, se establece de forma semellante ao Consello Escolar regulado na sección primeira do capítulo III do título V da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Dado o predominio e a importancia que as competencias profesionais, persoais e sociais de carácter procedemental teñen nos perfís profesionais dos títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior, establécese a existencia de actividades formativas de carácter presencial e obrigatorio nas titorías da formación a distancia destas ensinanzas.

Finalmente, este real decreto habilita o ministro de Educación, Cultura e Deporte para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación do presente real decreto, e o presidente do Consello Superior de Deportes para establecer a estrutura funcional necesaria para que o Cesed asuma as funcións non académicas asignadas.

No proceso de elaboración deste real decreto levouse a cabo un amplo trámite de consulta a numerosos organismos e entidades directamente relacionados coas actividades físicas e deportivas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, logo da aprobación do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto, ámbito e estrutura do Centro Superior de Ensinanzas Deportivas

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto a creación do Centro Superior de Ensinanzas Deportivas, en diante, Cesed.

2. O Cesed é un centro docente de titularidade pública, sen personalidade xurídica propia, co nivel orgánico que determine a relación de postos de traballo, que está adscrito

ao Consello Superior de Deportes a través da Dirección Xeral de Deportes e, por tanto, dependente dunha Administración distinta da educativa.

3. Sen prexuízo da súa natureza administrativa, o Cesed inscribírase no Rexistro estatal de centros docentes non universitarios regulado no Real decreto 276/2003, do 7 de marzo, polo que se establece o Rexistro estatal de centros docentes non universitarios.

Artigo 2. *Fins.*

O Cesed contribuirá ao desenvolvemento do deporte de alto nivel e do deporte federado estatal e, en consecuencia, terá os seguintes fins:

a) A formación dos técnicos deportivos vinculados ao alto rendemento mediante unha oferta dos ciclos de grao superior de ensino deportivo de educación a distancia, flexible e de calidade, adaptada ás demandas e ás necesidades do sistema deportivo.

b) O apoio ás federacións deportivas españolas para o desenvolvemento da súa oferta formativa, dentro do marco establecido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e polo Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, e a colaboración para o desenvolvemento dunha oferta de formación continua de calidade, que estimule a creación dunha cultura de formación dos técnicos deportivos, que prestixie a súa figura dentro do sistema deportivo.

c) O desenvolvemento e a implementación dos procedementos de acreditación de competencias non referidas ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais, en diante, CNCP, que forman parte do perfil profesional dos títulos de ensinanzas deportivas, cando proceda, e no marco da disposición adicional décimo terceira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro.

d) O establecemento dun espazo de apoio e colaboración cos institutos e facultades de Ciencias da Actividade Física e o Deporte para favorecer a permanente contribución do coñecemento científico na actividade formativa do Cesed.

e) O fomento da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como para as persoas con discapacidade.

Artigo 3. *Funcións.*

1. Serán funcións do Cesed:

a) Impartir as ofertas formativas a distancia conducentes a títulos de ensinanzas deportivas de réxime especial de grao superior, así como outras ofertas formativas que dean resposta aos fins recollidos no artigo anterior.

b) Desenvolver vínculos co deporte federado estatal, nos ámbitos de formación, co obxecto de colaborar na detección das necesidades de formación dos adestradores de alto nivel e no desenvolvemento da súa formación continua.

c) Desenvolver programas e accións de formación pedagóxica e didáctica, e de perfeccionamento do profesorado de ensinanzas deportivas de réxime especial.

d) A elaboración, o seguimento e a avaliación dos medios didácticos necesarios para a docencia telemática das ensinanzas deportivas.

e) Impulsar e desenvolver accións e proxectos de innovación e desenvolvemento, en colaboración coas federacións deportivas e outros centros de ensinanzas deportivas de réxime especial, e transferir o contido e a valoración das experiencias desenvolvidas ao resto dos centros.

f) Colaborar na integración no sistema educativo dos deportistas de alto nivel e alto rendemento.

g) Informar e asesorar outros centros de ensinanzas deportivas.

h) Colaborar cos centros e institucións de educación a distancia do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e das comunidades autónomas.

i) Cantas outras funcións de análoga natureza se determinen regulamentariamente.

2. Para realizar as funcións sinaladas no número anterior, o Cesed poderá colaborar, entre outras, con:

- a) Federacións deportivas españolas e cos órganos legalmente autorizados por disposición estatutaria da respectiva federación.
- b) Centros públicos e privados autorizados para impartir ensinanzas deportivas.
- c) Titulares das instalacións deportivas clasificadas como centros de alto rendemento, centros especializados de alto rendemento, centro de tecnificación deportiva ou centros especializados de tecnificación deportiva polo Consello Superior de Deportes.
- d) Órganos responsables de deportes e, se for o caso, de formación deportiva das comunidades autónomas.
- e) Institutos e facultades de Ciencias da Actividade Física e o Deporte.
- f) Entidades relacionadas coa innovación, a formación inicial e a continua dos técnicos deportivos.

Artigo 4. *Autorización e ámbito de actuación.*

1. O Cesed é un centro docente público adscrito ao Consello Superior de Deportes, autorizado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para impartir:

- a) As ensinanzas deportivas de grao superior reguladas no capítulo VIII do título I da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, na modalidade de distancia en todo o territorio nacional.
- b) O bloque común das actividades de formación deportiva reguladas de acordo coa disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro.

2. O Cesed está autorizado a impartir outras ensinanzas fóra do sistema educativo, de acordo cos fins e funcións establecidos para el.

Artigo 5. *Autonomía pedagóxica e acción titorial.*

1. O Cesed disporá de autonomía organizativa e pedagóxica para levar a cabo a oferta de ensinanzas deportivas establecida no seu proxecto funcional.

2. Debido ás características específicas das ensinanzas deportivas de réxime especial, das súas competencias profesionais e dos procesos de aprendizaxe deportivos, a acción titorial base da formación a distancia realizarase mediante titorías por vía telemática, de forma presencial, ou mediante a realización de titorías de ambos os tipos ao longo dun calendario específico para cada un dos módulos que se imparten no ciclo.

3. As titorías presenciais basearanse na realización de actividades prácticas de carácter obrigatorio, onde se posibilite a adquisición daquelas competencias específicas de carácter máis técnico que así o requiran.

Artigo 6. *Sede e instalacións.*

1. O Cesed terá a súa sede na do Consello Superior de Deportes, onde disporá dos espazos adecuados para realizar as actividades de xestión, coordinación e apoio das funcións do centro.

2. O Cesed utilizará instalacións que reúnan tanto as condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade, de seguridade e de accesos ordinarios de persoas, ademais daquelas medidas previstas para persoas con discapacidade, exixidas pola lexislación vixente, como as condicións de equipamentos e de espazos, exixidos nos correspondentes reais decretos que establecen o currículo básico dos títulos de ensinanzas deportivas para os cales estea autorizado.

3. O Cesed, conforme o artigo 45.4 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, poderá facer uso de espazos e instalacións singulares, así como, se for o caso, daquelas instalacións e equipamentos propios de contornos deportivos que, sendo necesarios para impartir os ciclos formativos de grao superior e realizar a avaliación das competencias, se encontren situados nun recinto distinto ao resto das instalacións do centro.

Artigo 7. *Función inspectora.*

Corresponden á Subdirección Xeral de Inspección da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte as funcións recollidas no artigo 151 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Artigo 8. *Xestión e financiamento.*

1. A xestión económica, orzamentaria e de persoal do Cesed realizaraa a Dirección Xeral de Deportes, sen prexuízo das competencias atribuídas á presidencia do Consello Superior de Deportes.

2. O alumnado participante na oferta formativa académica e non académica do Cesed contribuirá ao seu custo mediante o aboamento dos prezos que se determinen para cada unha. Estes prezos terán a consideración de prezos públicos, para os efectos do disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos do Estado, e determinaranse a un nivel que cubra, como mínimo, os custos económicos orixinados pola realización das actividades obxecto deles.

3. Para a xestión da oferta formativa do Cesed, a presidencia do Consello Superior de Deportes poderá asinar convenios de colaboración coas federacións deportivas españolas das correspondentes modalidades deportivas.

Artigo 9. *Criterios de admisión á oferta formativa do Cesed.*

Dentro da oferta formativa académica e non académica do Cesed reservarase, ao menos, o 25 % das prazas ofertadas para os deportistas que acrediten a condición de deportistas de alto nivel ou alto rendemento. Dentro desta cota terán prioridade aqueles que acrediten a condición de deportista de alto nivel.

CAPÍTULO II

Autonomía do Centro Superior de Ensinanzas Deportivas

Artigo 10. *Proxecto funcional.*

1. O Cesed elaborará o proxecto funcional en que se recollerán os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación que permitan concretar o carácter singular do centro. Todo isto en relación cos fins e funcións atribuídos ao Cesed neste real decreto.

2. O proxecto funcional establecerá o sistema organizativo singular, os procedementos de xestión, as liñas xerais da actuación didáctica, os criterios xerais para a concreción dos currículos dos ciclos de grao superior, as programacións ou guías didácticas, o tratamento transversal dos módulos e os instrumentos de acreditación de competencias, non vinculadas ao CNCP, en función dos perfís profesionais.

3. O proxecto funcional deberá ter en conta as características do sistema deportivo e do deporte federado en particular, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e o plan de acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

4. O proxecto funcional será público con obxecto de facilitarlle o seu coñecemento ao conxunto da comunidade educativa.

Artigo 11. *Proxecto de xestión do Cesed.*

1. O proxecto de xestión do Cesed establecerá o conxunto da oferta formativa anual e do programa de actividades que permitirán o desenvolvemento dos fins e funcións establecidos para este centro, para o cal contará coa colaboración das federacións deportivas españolas a través do Consello Deportivo. A oferta considerará as necesidades

formativas das federacións deportivas españolas, así como aquelas directrices anuais recollidas nos programas de desenvolvemento do alto rendemento.

2. O proxecto de xestión do Cesed determinará os prazos de admisión do alumnado, os períodos de matrícula e a organización temporal das ofertas formativas.

3. Desde o punto de vista organizativo, o proxecto de xestión expresará a ordenación e utilización dos recursos, tanto materiais como persoais do centro, así como outras cuestións de réxime interior que afectan o persoal que preste servizos neles; para isto terá en conta a natureza das ofertas formativas e dos servizos que caracterizan este centro, así como as características específicas dos grupos destinatarios.

4. Para o cumprimento do seu proxecto funcional, o Cesed poderá formular requisitos de titulación e capacitación profesional para os formadores e expertos vinculados coas actividades formativas non formais.

5. Para garantir a calidade das accións do proxecto funcional do Cesed establecerase dentro do proxecto de xestión un sistema de mellora continua, cuxos criterios de calidade e indicadores estean relacionados cos obxectivos do proxecto funcional e que incluírá, ao menos, accións de calidade para a mellora e avaliación da docencia telemática e dos recursos didácticos utilizados, da acción titorial, da mellora do rendemento escolar, da atención á diversidade, do grao de inserción no sistema deportivo dos seus alumnos e usuarios e do seu nivel de satisfacción.

6. Os resultados do sistema de mellora continua plasmaranse nunha memoria de autoavaliación.

Artigo 12. *Normas de convivencia.*

1. O Cesed elaborará un plan de convivencia que incorporará á programación xeral anual e que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia e de comunicación dentro das actividades formativas do centro, a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento, consonte a normativa vixente, tomando en consideración as características da formación a distancia, a situación e condicións persoais do alumnado e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos, con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.

2. As normas de convivencia do Cesed serán de obrigado cumprimento e observarán o disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

3. Para estes efectos, os membros do equipo directivo e profesorado do Cesed serán considerados autoridade pública, de acordo co establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Artigo 13. *Programación xeral anual.*

O Cesed elaborará ao principio de cada curso escolar unha programación xeral anual que inclúa todos os aspectos relativos á organización e ao funcionamento do centro, os proxectos funcional e de xestión, a concreción do currículo da modalidade correspondente e as guías didácticas, as normas e todos os plans de actuación acordados e aprobados e, en especial, os seguintes aspectos:

- a) Os obxectivos anuais do Cesed.
- b) O calendario da oferta formativa e do programa de actividades.
- c) Os períodos de admisión e matrícula dos alumnos.
- d) As accións de calidade anuais, establecidas no proxecto de xestión.
- e) As guías didácticas, que incluírán os criterios de avaliación, cualificación e procedementos de recuperación.
- f) O proxecto de orzamento.
- g) A organización de espazos, instalacións e recursos materiais utilizados na oferta formativa anual.

h) Todos os aspectos relativos á organización e ao funcionamento do centro, incluídos os proxectos funcional e de xestión, o currículo e as guías didácticas, as normas e todos os plans de actuación serán acordados e aprobados, de acordo co indicado na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e demais normativa aplicable ao Sistema educativo español.

CAPÍTULO III

Estrutura do Centro Superior de Ensinanzas Deportivas

Sección 1.ª Persoal docente e dirección do Centro Superior de Ensinanzas Deportivas

Artigo 14. Equipo directivo, composición e funcións.

1. O equipo directivo é o órgano executivo de Goberno do Cesed, está integrado polo director, o xefe de estudos e o secretario, e desenvolverá as funcións que estableza a presidencia do Consello Superior de Deportes no marco do establecido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

2. A presidencia do Consello Superior de Deportes designará e cesará o equipo directivo do Cesed de entre os funcionarios públicos docentes expertos no ámbito das ensinanzas deportivas de réxime especial destinados no organismo.

Artigo 15. Persoal docente.

1. O Cesed contará co número suficiente de profesores para poder desenvolver as ensinanzas do sistema educativo que ten asignadas.

2. Para exercer a docencia no Cesed será necesario cumprir os requisitos xerais de titulación e a formación pedagóxica e didáctica establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como os que para o efecto se establezan nas normas reguladoras da correspondente oferta formativa para o profesorado dos centros docentes de titularidade pública de administracións distintas á educativa.

3. A actividade docente no Cesed será compatible co desempeño das súas actividades profesionais e poderase desenvolver a tempo parcial.

4. O director do Cesed designará, para cada ciclo de ensino deportivo, os profesores titores e o profesor titor de grupo.

5. O profesor titor será o encargado da docencia do correspondente módulo de ensino deportivo e será o responsable das titorías por vía telemática ou presenciais. Haberá tantos profesores titores de módulos como módulos de ensino deportivo no correspondente ciclo, e terán as seguintes funcións:

a) Orientar e apoiar o alumnado no seu proceso de aprendizaxe cara á adquisición dos resultados de aprendizaxe, a través das titorías por vía telemática e presenciais.

b) Resolver as dúbidas, realizar o seguimento do avance e a avaliación do alumnado no módulo da súa responsabilidade.

c) Dirixir a organización e o desenvolvemento das titorías presenciais.

d) Colaborar na organización e no desenvolvemento das probas de avaliación presenciais.

e) Asistir ás sesións de avaliación, ás reunións de centro e de claustro.

f) Pór en práctica o protocolo de actuación para a prevención do abandono educativo en coordinación cos profesores titores de grupo.

g) Calquera outra que lles sexa atribuída pola dirección do Cesed.

6. O profesor titor de grupo será designado de entre os profesores titores de módulo que impartan docencia no mesmo grupo e terá as seguintes funcións:

- a) Promover a participación do alumnado nas actividades propostas e, en especial, as de carácter transversal e de comunicación entre o alumnado, a través dos medios telemáticos e presenciais dispoñibles.
- b) Colaborar na organización e no desenvolvemento das titorías presenciais e das probas de avaliación presenciais.
- c) Coordinar a avaliación dos alumnos do grupo asignado.
- d) Calquera outra que lles sexa atribuída pola dirección do Cesed.

Sección 2.^a Órganos colexiados de Goberno

Artigo 16. Órganos colexiados.

1. Son órganos colexiados de participación do Cesed o Consello Deportivo e o Claustro de Profesores.
2. O Consello Deportivo é o órgano de participación do sistema deportivo na dirección e goberno do Cesed.
3. O Claustro de Profesores é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do Cesed.

Artigo 17. Composición do Consello Deportivo.

1. O Consello Deportivo, como órgano de participación do sistema deportivo no Cesed, estará composto por un máximo de 10 membros de acordo coa seguinte distribución:
 - a) O director do Cesed, que será presidente do Consello Deportivo.
 - b) O xefe de estudos do centro.
 - c) Os titulares das subdireccións xerais do Consello Superior de Deportes competentes nas materias de Alta Competición e de Ensinanzas Deportivas.
 - d) Un representante do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte vinculado ás ensinanzas de réxime especial.
 - e) Dous profesores do Cesed, elixidos polo Claustro de Profesores, dos cales ao menos un debe ser profesor do bloque común.
 - f) Dous representantes das federacións deportivas españolas, elixidos por aquelas cuxas ensinanzas forman parte da oferta formativa do Cesed.
 - g) Un representante dos alumnos do Cesed, elixido por e entre eles.
 - h) O secretario do Cesed, que actuará como secretario do Consello, con voz e sen voto.
2. Poderán asistir, con voz e sen voto, expertos de unidades do Consello Superior de Deportes e aquelas persoas cuxa opinión se considere conveniente coñecer, cando así o ache oportuno o director do Cesed.

Artigo 18. Competencias do Consello Deportivo.

Son competencias do Consello Deportivo do Cesed as seguintes:

- a) Establecer as directrices para elaborar o proxecto funcional do Cesed.
- b) Avaliar os proxectos funcional e de xestión do Cesed, así como o sistema de mellora continua e as normas de organización e funcionamento do centro.
- c) Avaliar a programación xeral anual do Cesed, sen prexuízo das competencias do Claustro de Profesores, en relación coa planificación e organización docente.
- d) Coñecer do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo.
- e) Informar sobre a admisión de alumnado, con suxeición ao establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e nas disposicións que a desenvolvan.
- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente.

g) Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no Cesed, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 de Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia de xénero.

h) Informar sobre as directrices para a elaboración e a sinatura de convenios de colaboración, con outros centros, entidades e organismos relacionados co sistema deportivo.

i) Analizar e valorar o funcionamento xeral do Cesed, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o Centro.

j) Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición do Consello Superior de Deportes, sobre o funcionamento do Cesed e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa súa calidade.

k) Informar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.

l) Calquera outra que lle sexa atribuída pola presidencia do Consello Superior de Deportes.

Artigo 19. *Composición e competencias do Claustro de Profesores.*

1. O Claustro de Profesores, como órgano de participación dos profesores no Goberno do Cesed, será presidido polo director do Cesed e estará integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no centro.

2. As competencias do Claustro de Profesores serán establecidas pola presidencia do Consello Superior de Deportes.

Sección 3.^a Órganos de coordinación docente

Artigo 20. *Órganos de coordinación docente.*

Son órganos de coordinación docente do Cesed os equipos docentes de cada un dos ciclos de ensino deportivo e os departamentos de coordinación didáctica.

Artigo 21. *Equipos docentes.*

1. Os equipos docentes estarán constituídos polos profesores titores de módulo que impartan docencia a un mesmo grupo de alumnos. Serán coordinados polo correspondente profesor titor de grupo.

2. Os equipos docentes terán as seguintes funcións:

a) Levar a cabo o seguimento global do alumnado do grupo establecendo as medidas necesarias para mellorar a súa aprendizaxe, de acordo co proxecto funcional do Cesed.

b) Realizar de maneira colexiada a avaliación do alumnado, de acordo coa normativa vixente e co proxecto funcional do Cesed, e adoptar as decisións que correspondan en materia de promoción, se for o caso, e de titulación.

c) Garantir que cada profesor titor lle proporcione ao alumnado información relativa á programación da materia que imparte, con especial referencia aos obxectivos, aos mínimos exixibles e aos criterios de avaliación.

d) Cantas outras determine no plan de orientación e acción tutorial do Cesed o proxecto funcional ou a presidencia do Consello Superior de Deportes.

3. A Xefatura de Estudos incluírá no horario xeral do Cesed a planificación das reunións dos equipos docentes.

Artigo 22. *Departamentos de coordinación didáctica.*

1. O proxecto funcional do Cesed establecerá, de acordo coa oferta formativa do centro, os departamentos de coordinación didáctica necesarios para ela, e un deles será o departamento do bloque común.

2. Cada departamento de coordinación didáctica contará cunha persoa que exercerá a súa xefatura e estará integrado por todos os profesores titores que impartan as ensinanzas que se lle encomenden. O profesor titor que imparta ensinanzas asignadas a máis dun departamento pertencerá a aquel en que teña maior carga lectiva. Non obstante, garantirase a coordinación deste profesor titor cos outros departamentos con que estea relacionado, en razón das ensinanzas que imparte.

3. Son competencias dos departamentos de coordinación didáctica:

a) Colaborar co equipo directivo na elaboración dos aspectos educativos do proxecto funcional.

b) Elaborar a programación e a guía didáctica das ensinanzas correspondentes ás materias e módulos de ensino deportivo asignados ao departamento, de acordo co proxecto funcional.

c) Realizar o seguimento do grao de cumprimento da programación didáctica e propor as medidas de mellora que deriven del.

d) Resolver en primeira instancia as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que o alumnado formule ao departamento e emitir os informes pertinentes.

e) Propor a distribución entre o profesorado das materias ou módulos de ensino deportivo que teñan encomendados, de acordo co horario e coas directrices establecidas polo equipo directivo, atendendo a criterios pedagóxicos.

f) Avaliar a práctica docente e os resultados do proceso de ensino e aprendizaxe nas materias ou módulos de ensino deportivo encomendados ao departamento.

g) Coordinar a adaptación e a actualización dos materiais didácticos correspondentes ás materias ou módulos de ensino deportivo encomendados ao departamento.

h) Coordinar o módulo de formación práctica e as actividades de ensino e aprendizaxe presenciais deseñadas nos distintos módulos de ensino deportivo, para asegurar a adquisición polo alumnado da competencia xeral do título e para o aproveitamento óptimo dos recursos humanos e materiais.

i) Manter actualizada a metodoloxía didáctica e adecuala aos diferentes grupos dun mesmo nivel e curso.

j) Calquera outra que lle sexa atribuída no proxecto funcional ou pola presidencia do Consello Superior de Deportes.

Disposición adicional primeira. *Actividades de formación deportiva.*

O Cesed terá a consideración de entidade promotora de actividades de formación deportiva para os efectos do establecido na disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro. Para as actividades promovidas polos órganos competentes en materia deportiva das comunidades autónomas axustarase ao establecido na Orde ECD/158/2014, do 5 de febreiro, pola que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva, aos cales se refire a disposición transitoria primeira do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro.

Disposición adicional segunda. *Referencias xenéricas.*

Todas as referencias a alumnado, profesorado, titores, equipo directivo e titulacións para as cales neste real decreto se utiliza a forma do masculino xenérico deben entenderse aplicables indistintamente a mulleres e a homes.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto.*

A aplicación deste real decreto farase sen incremento do déficit público e levarase a cabo cos medios asignados ao Consello Superior de Deportes. Calquera incremento dos gastos compensarase cun incremento dos ingresos por prezos públicos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado as competencias para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Autorización para o desenvolvemento.*

1. O ministro de Educación, Cultura e Deporte poderá ditar, logo do cumprimento dos trámites legais preceptivos, cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación do presente real decreto.

2. Habilítase a presidencia do Consello Superior de Deportes para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento das funcións da formación non formal asignadas ao Cesed.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Oviedo o 23 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte
ÍÑIGO MÉNDEZ DE VIGO y MONTOJO